



# O cancionero relixioso galego tras a renovación do canto relixioso católico no entorno do Vaticano II



Xesús Portas Ferro<sup>1</sup>

## *Propósito abreviado*

Antes, durante e despois do Vaticano II opérase no seo da Igrexa Católica unha gran renovación do canto relixioso. Proponho atendermos ás liñas mestras desa renovación para despois preguntarmos ata que punto o canto relixioso en lingua galega participou dela.

## **1.- Do canto relixioso popular ao canto litúrxico**

Hai entre 70 e 60 anos os fieis asistentes ao culto non participabamos no canto litúrxico. En realidade, non participabamos activamente en case nada. Reducidos a espectadores e por veces a discentes pasivos, o noso rol era oír: oíamos a misa, o sermón, o canto dos cregos... Porque os ritos, a palabra e sobre todo a oración e o canto litúrxicos, expresados en lingua latina, eran privativos do clero. O pobo, para aproveitar o tempo, na misa dos domingos rezaba colectivamente o rosario.

A carón do canto litúrxico e con moi pouca relación con el, existían os cantos relixiosos populares. Estes si podían ser cantados polo pobo, e de feito promovíase o seu canto en ámbitos catequéticos e nos exercicios piadosos. Formárase un extenso repertorio eclesiástico deste tipo de cantos en lingua castelá, ao cal se acudía para animar a catequese e diversos actos relixiosos de tipo devocional. En lingua galega non se creaba nin usaba canto popular

---

<sup>1</sup> Xesús Portas Ferro é membro do Consello de redacción da Revista *Encrucillada*.